



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 22 DE MARZO DE 2013

ASISTENTES:

Presidente:
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. FERNANDO VILAR DÍAZ
D. JUAN PUENTES CALVO

SECRETARIO:
D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas trinta e cinco minutos do día vinte e dous de marzo de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe. Non asiste á sesión D.^a Olga María Blanco Teijeiro.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 23 DE FEBREIRO DE 2013.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e tres de febreiro de dous mil trece.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo para dicir que no apartado de preguntas cando se fixo referencia á obra de teatro do colexio e do malestar de pais e nais e das queixas dalgúns pais e nais polo contido da obra debe constar aínda que se tratou dunha pregunta que a postura do BNG é de que estes problemas deben plantexarse no colexio e non no Pleno do Concello.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. RENUNCIA COMO CONCELEIRO DO GRUPO MIXTO - BNG DE D. JUAN PUENTES CALVO. ACORDO QUE PROCEDA.

A instancia do Sr. Alcalde - Presidente toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo que presentou en data 11 de marzo de 2013 con número de rexistro de entrada 172 escrito coa renuncia ao cargo de concelleiro por razóns de tipo persoal.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que a intención de renunciar ao cargo que ostenta de concelleiro electo vén de largo, xa que leva nove anos no concello e polo tanto toca renovación e que veña xente nova. Dí que en xeral valora a experiencia como positiva.

Manifesta a súa satisfacción e agradecemento tanto ao persoal funcionario coma laboral do concello e dí que no plano político houbo discrepancias cos outros grupos políticos como é normal , pero a relación persoal foi boa con todos os concelleiros e concelleiras e agarda que a persoa que o substitúa saiba defender o programa do BNG, polo que pide a colaboración de todos os grupos.

De seguido toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente para agradecer a colaboración que tivo o concelleiro dimisionario co Grupo Municipal do P S de G- PSOE, así como o traballo desinteresado que levou adiante pola Capela ao longo de nove anos.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que foi un placer debater os asuntos co concelleiro dimisionario e a pesar de que houbo discrepancias, xa que a ideoloxía pertence a cada un, hai que darlle as grazas en nome do Grupo Municipal do Partido Popular, polo traballo efectuado de xeito altruista para intentar mellorar A Capela. Remata a súa intervención desexándolle sorte na nova etapa da vida particular.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, agrádeselle tamén o traballo desenvolvido nestes derradeiros nove anos, xa que foi un traballo de xeito altruista e non sempre ben recoñecido; ademáis os debates do pleno van perder.

Remata este asunto coa intervención do Concelleiro dimisionario, D. Juan Puentes Calvo, manifestando que un vén ao Concello non para que lle

recoñezan o traballo feito, senón para defender e traballar pola Capela, xa que depende da xente da Capela o seu futuro.

Dá as grazas a todos os membros do pleno e aconsella diálogo e consenso entre todos os grupos municipais como elementos que enriquecen a vida do concello.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Tomar coñecemento e aceptar a demisión como Concelleiro deste Concello de D. Juan Puentes Calvo.

2º. Remitir certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central ós efectos de que se proceda á expedición de credencial da substituta que corresponde ó número dous da lista presentada polo Grupo Político do BNG ás Eleccións Municipais 2011, na persoa de D.^a Delia Paz Ardao.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas cincuenta e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


José A. Meizoso Paz